

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36012419	CEIP Arealonga	Vilagarcía de Arousa	2022/2023

### Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Crecedemento en harmonía	6º Inf.	8	280

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

## 1. Introducción

A programación da área de Crecemento e Harmonía recolle os elementos curriculares que se traballarán ao longo do curso de 6º de EI co fin de que os nenos e as nenas coñezan, dominen e coiden o seu propio corpo. Esta construción involucra diversas dimensións interdependentes, como o desenvolvemento e a valoración propia, a autonomía, a identidade ou a convivencia.

Esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de unidades didácticas entendidas como proxectos de aula formados por tarefas, actividades e exercicios. Consideremos fundamental seguir respetando o principio de globalidade á hora de deseñar situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares.

Para levar a cabo unha concreción dos elementos curriculares que irán en cada unidade ou proxecto adaptable a diferentes realidades de aula, establecemos categorías xerais que actuarán coma centro de interese orientativo, pero que cada mestra ou mestre poderá adaptar a un tema máis concreto, sempre favorecendo que xurdan dos intereses das nenas e nenos.

A temporalización das unidades didácticas proposta é orientativa e poderá ser modificada tendo en conta as realidades educativas de cada persoa.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.	1				1	1	1	
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva	1	1			1	1	1	1
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable			1	1		1	1	1
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos						1	1	1

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Comezamos unha nova aventura, o cole.	Esta unidade traballarase de xeito transversal durante todo o curso e complementará as outras unidades/categorías. Aquí atoparemos actividades relacionadas co desenvolvemento do corpo e o	40	X	X	X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Comezamos unha nova aventura, o cole.	manexo de útiles Terán cabida nesta unidade todas as actividades que realizaremos de movemento e control do corpo, motricidade fina, coordinación óculo manual, ademais de todo aquilo que se repite ao longo do curso para favorecer as aprendizaxes máis básicas e elementais por parte do alumnado	40	X	X	X
2	O meu corpo/Identifícome	Nesta categoría poderemos encadrar proxectos onde a alumna ou alumno parta do autoconhecimento. Poderemos levar a a cabo actividades relacionadas co corpo humano, as súas funcións, singularidades, diversidade persoal, igualdade de xénero, coñecemento e expresión de emocións...	40	X		
3	Somos investigadores	Nesta categoría incluiremos os proxectos adicados ao coñecemento e expresión de diferentes manifestacións artísticas, en calquera das linguaxes disponibles para o noso alumnado. A través das actividades programados coñeceremos sensacións, emocións,... e buscaremos o progresivo control dos diferentes útiles.	40	X		
4	Xogamos ás profesións	Nesta categoría encadramos proxectos adicados a coñecer un momento da historia, xa sexa presenta, pasado ou futuro, un pobo ou grupo social concreto, persoas históricas, así como profesións... Desenvolveránse actividades de xogo simbólico para a comprensión de outros xeitos de vivir.	40		X	
5	Os nosos cultivos: O invernadoiro.	Nesta categoría traballaremos proxectos relacionados co mundo vexetal, xa sexa a través do coñecemento dos principais elementos da natureza, traballando no invernadoiro, descubrindo aspectos da agricultura... Programaranse actividades que teñan coma finalidade o coidado e o respecto pola contorna natural.	40		X	
6	Descubrimos os seres vivos.	Nesta categoría incluímos os proxectos adicados a un animal, ou a un conxunto deles, a unha especie, a un contexto ou hábitat, a relación cos seres humanos. Buscaremos información sobre a forma de desprazarse dos animais, a súa alimentación ou reprodución en	40			X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Descubrimos os seres vivos.	comparación coas nosas.	40			X
7	O meu barrio e as nosas tradicións.	Nesta categoría pódese incluír proxectos relacionados coa contorna do alumnado, tanto a máis próxima, coma a relación que poida ter con outras. Tamén o traballo relacionado coa cultura, o patrimonio, as expresións culturais e máis aspectos relacionados. As actividades irán encamiñadas á valoración e o respecto a nosa realidade.	40			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Comezamos unha nova aventura, o cole.	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Controla o seu corpo en diferentes posturas e situacións motrices.	TI
CA1.5 - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	Adapta as súas posibilidades motrices ás actividades da vida cotiá e ao emprego de diferentes obxectos.	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Axusta os seus movementos e habilidades manipulativas ao xogo dirixido e espontáneo. amosando cada vez máis control	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa con destreza útiles segundo as necesidades de cada situación.	
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Participa en xogos e situación da vida cotiá, mostrando iniciativa e confianza.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Participa en xogos, axustando o xogo ás súas posibilidades	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Ofrece e pide axuda aos compañeiros/os.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Acepta as diferenzas individuais sen discriminar nos xogos e actividades colectivas, mostrando iniciativa e afecto	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Manexa con destreza útiles segundo as necesidades de cada situación.	
CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Recoñece e respecta os tempos das actividades cotiás, e as leva a cabo de xeito autónomo.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Resolve problemas de xeito autónomo, colaborando e aceptando as normas.	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Participa en xogos e situación da vida cotiá mostrando iniciativa e confianza.	
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Recoñece e respecta os tempos das actividades cotiás e as leva a cabo de xeito autónomo.	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Relaciónase con outras persoas en xogos e actividades colectivas, evitando todo tipo de discriminación	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Interacciona nas rutinas e nas actividades cotiás de xeito tolerante e asertivo coas demais persoas.	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Resolve conflitos de forma positiva valorando os intereses de todas as persoas implicadas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.</li> <li>- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.</li> <li>- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.</li> <li>- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado.</li> <li>- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.</li> </ul>

### Contidos

- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.
- Avance e control progresivo da motricidade fina.
- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.
- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro.
- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.

UD	Título da UD	Duración
2	O meu corpo/Identifícome	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Realiza a representación do seu corpo e identifica as súas diferentes partes.	TI
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Explica as sensacións que lle producen os seus sentidos	
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Mostra confianza nas súas posibilidades e actúa acorde ás súas limitacións	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Recoñece algunhas semellanzas e diferenzas nas valorando a diversidade.	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Fai aportacións con iniciativa sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Xestiona as súas emocións expresando os seus sentimentos	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	É quen de empregar de estratexias de xestión emocional para tolerar a frustración	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Recoñece hábitos saudables, e os aplica no uso dos espazos e materiais.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Cóidase e coida a contorna	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.</li> <li>- Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais.</li> <li>- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.</li> <li>- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado.</li> <li>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.</li> <li>- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.</li> <li>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.</li> <li>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.</li> <li>- O xogo como ferramenta de exploración persoal.</li> </ul>



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.</li> <li>- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.</li> <li>- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Somos investigadores	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Explica as sensacións que lle producen os seus sentidos	TI
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Mostra confianza nas súas posibilidades e actúa acorde coas súas limitacións	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Fai aportacións con iniciativa sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Xestiona as súas emocións expresando os seus sentimentos.	
CA2.7 - Expressar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Fai aportacións, con iniciativa, sobre os seus gustos, preferencias e inxerencias	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecerlas.	Participa en actividades culturais mostrando interese por coñecerlas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.</li> <li>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.</li> <li>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e dos demais persoas.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.</li> <li>- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.</li> <li>- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.</li> <li>- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Xogamos ás profesións	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Recoñece algunhas semellanzas e diferencias nas persoas valorando a diversidade.	TI
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Fai aportacións con iniciativa sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Imita situacións de xogo simbólico identificando e rexeitando os estereotipos.	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Fai algunhas aportacións sobre normas sociais e recoñece a importancia de cumprilas.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecerlas.	Participa en actividades culturais mostrando interese por coñecerlas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.</li> <li>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.</li> <li>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.</li> <li>- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- respectuosa cara aos demais.</li> <li>- O xogo como ferramenta de exploración persoal.</li> <li>- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.</li> <li>- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.</li> <li>- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.</li> <li>- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.</li> <li>- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.</li> <li>- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Os nosos cultivos: O invernadoiro.	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Explica as sensacións que lle producen os seus sentidos.	TI
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Fai aportacións, con iniciativa, sobre os seus gustos, preferencias e inquiredanzas	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Acepta as normas evitando riscos	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Cóidase e coida a contorna	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.</li> <li>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos,</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- vivencias, preferencias e intereses.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.</li> <li>- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.</li> <li>- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Descubrimos os seres vivos.	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Explica as sensacións que lle producen os seus sentidos.	TI
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Fai aportacións, con iniciativa, sobre os seus gustos, preferencias e inquiredanzas	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Acepta as normas evitando riscos	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Cóidase e coida a contorna	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.</li> <li>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.</li> <li>- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.</li> <li>- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	O meu barrio e as nosas tradicións.	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Recoñece algunhas semellanzas e diferenzas nas persoas valorando a diversidade.	TI
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Fai aportacións con iniciativa sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Acepta as normas evitando riscos	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Coidase e coida a contorna.	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Imita situacións no xogo simbólico, identificando e rexeitando os estereotipos.	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Fai aportacións sobre as normas sociais e recoñece a importancia de cumprilas.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecerlas.	Participa en actividades culturais mostrando interese por coñecerlas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.</li> <li>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.</li> <li>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.</li> <li>- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.</li> <li>- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.</li> <li>- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.</li> </ul>

## Contidos

- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As características principais da metodoloxía que seguimos son:

Activa

Global

Basada na observación e experimentación

Implicadas as 3 partes implicadas: pais, nais e educadores

Pretendemos que o neno sexa o que faga, propoña e atope solucións aos seus problemas, pretendendo que o neno se faga un ser autónomo e desenrole unha personalidade única e orixinal.

Trátase de respetar en cada momento o seu ritmo, as súas diferencias individuais e a súa personalidade, tratando de ofrecerlle sempre unha serie de posibilidades. Así mesmo consideramos ó neno como un ser activo, dándolle moita importancia á creatividade, experimentación e descubrimento.

A dinámica do proceso baséase no xogo e na experimentación e para elo dividiremos a aula en rincóns ata onde o aspecto físico desta nos deixe.

Todo elo pensado como parte dun proceso socializador, aspecto este que nos parece o mais importante e mais nunhas idades no que saír do *lagoz* propio para aportar solucións grupais que nos aporten saídas aos problemas cotiáns é vital.

Tamén é importante suliñar a importancia do erro non como algo negativo, senón como medio de experimentar e aprender cousas novas.

Dentro da metodoloxía deste programación destacamos:

- A concepción de unidades didácticas coma proxectos nos que se intentará resolver un problema ou facer un produto social relevante. En todas as unidades, menos na primeira, haberá que levar a cabo actividades de pequenas investigacións e búsqueda de información, deseñar os pasos para chegar á meta definida, difundir o resultado e levar a cabo unha avaliación do proceso.

- Ao longo das actividades empregaremos dinámicas individuais, de parella, grupos ou equipos (fomentando o traballo colaborativo e cooperativo) e de gran grupo.

- Deben estar moi presentes no deseño das actividades os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.

- Para conseguir máis significativade nas aprendizaxes do alumnado empregaremos estratexias que axuden a conseguilo seguindo os principios básicos da neuroeducación no que di que o alumnado ten que sentir interese polo tema para activar as súas conexións neuronais. Isto irá acompañado de actividades que faciliten a capacidade de aprender do noso alumnado tales como rutinas de pensamento, esquemas visuais...
- Nesta programación empregárase un enfoque activo á hora de deseñar as actividades, buscando sempre que as persoas alumnas sexan as protagonistas activas das súas aprendizaxes. Ofreceranse sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades. Para acadalo empregaremos unha organización espacial acorde que permita levar a cabo diferentes propostas á vez e que o alumnado teña variedade para realizar. Destacarán os ambientes de aprendizaxe, recunchos, estacións de traballo...
- O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre orientado cara o emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. O alumno se iniciará no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respetando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, tablet de aula, proxector, conexión a internet, reprodutor musical, pizarra dixital...
Material funxible: convencionais e non convencionais
Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...)
Material visual: carteis, bits, láminas...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes...
Material curricular: Currículum, P.E....
Material artístico: pinturas, plastina, refugallo, teatro de sombras, títeres...
Material de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico
Comunidade educativa ( Alumnado, persoal docente e non docente, familias ) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc)
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea. (parques, biblioteca Concello, etc)
Instrumentos musicais.

### MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os criterios de selección dos materiais didácticos que serán adoptados polos equipos docentes que proporcionan resposta efectiva aos prantexamentos xerais de intervención educativa ríxense polas seguintes pautas que dirixirán a selección:

Os materiais didácticos deben responder ás necesidades dos nenos e nenas, e aos proxectos de traballo que está previsto realizar.

Deben responder ás necesidades de seguridade e manipulación por parte dos alumnos.

Incentarán á exploración, investigación e recreación de situacións e experiencias variadas.

Os elementos seleccionados permitirán a multifuncionalidade, así como posibilitarán a acción tanto individual como colectiva.

Procurarase utilizar na aula os materias que o alumnado poida encontrar na súa vida diaria e que lles poidan permitir

diferentes niveis de resolución das actividades de aprendizaxe.

Prestarase especial atención á utilización de elementos do entorno familiar dos alumnos.

Igualmente, procuraremos recuperar e reciclar materiais cotidianos para transformalos en materiais didácticos.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.

- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado

- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.

- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado polo mestre/a.

### Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa educativa

## 6. Medidas de atención á diversidade

### MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Toda intervención educativa debe contemplar como principio a diversidade do alumnado, adaptando a práctica educativa ás características persoais, ás necesidades, aos intereses e ao estilo cognitivo dos nenos, dada a importancia que nestas idades adquiren o ritmo e o proceso de maduración.

Co obxectivo de responder ás necesidades educativas de cada neno/a e á consecución, por parte de todos eles, dos obxectivos da etapa, sen que supoñan, en ningún caso, unha discriminación que lles impida alcanzar estas metas, é necesario que os centros educativos adopten medidas de atención á diversidade, entre as que se atopan:

Como medida para atender á diversidade, deseñáanse e planifícanse actividades de reforzo e de ampliación.

As actividades de reforzo están dirixidas a todos os alumnos que presentan dificultades coa adquisición dos contidos mínimos. As actividades de ampliación teñen un maior nivel de complexidade e están destinadas a aqueles alumnos que resolven de xeito satisfactorio os contidos básicos.

O deseño de actividades multinivel constitúe outra forma de atender á diversidade na aula, porque posibilita que cada alumno/a atope, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades acordes ao seu nivel de competencia curricular.

Neste tipo de actividades todos os alumnos participan, pero as diferentes habilidades dos alumnos adáptanse á actividade.

A atención individualizada

A atención individualizada está dirixida a aqueles alumnos que requiren, en diferentes elementos da proposta educativa, de axustes ou modificacións que non poden ser compartidos polo resto dos seus compañeiros, co fin de responder ás súas necesidades educativas.

Estes axustes ou modificacións poden referirse tanto aos tempos, ás actividades, á metodoloxía, ás técnicas e aos



instrumentos de avaliación, como aos obxectivos, aos contidos e aos criterios de avaliación.

A atención individualizada concretaríase sempre que fose necesario no Documento Individual de Adaptación Curricular. Este inclúe:

- Datos de identificación do alumno/a
- Datos de identificación do documento: data de elaboración, duración, persoas implicadas e función que desempeñan
- Información sobre a historia persoal e educativa do alumno
- Nivel de competencia curricular
- Estilo de aprendizaxe e motivación para aprender
- Contexto escolar e socio-familiar
- Proposta curricular adaptada
- Seguimento e avaliación. Modificacións sobre as decisións curriculares, cambios na modalidade de apoio, colaboración coa familia

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional		X	X				
ET.2 - Hábitos de control corporal		X					
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social	X	X		X			X
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos					X	X	
ET.5 - Educación para o consumo responsable			X		X		
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos		X		X			X

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Contacontos	En cada unidade contaremos un conto relacionado coa materia que estamos a traballar
Saída de campo	En cada trimestre realizaremos unha saída á contorna, parques, mercado, prazas...
Saída de fin de curso	Aínda por concretar.
Proxectos medioambientais	Programa "revitaliza" no composteiro do centro. Tamen participaremos en proxectos baseados na recuperación e defensa da natureza. Tamén participaremos en diferentes proxectos no invernadoiro do centro.
Conmemoracións e festas	Samaín, magosto, día da paz, nadal, día do libro...

Actividade	Descrición
Actividades para facilitar a transición a E.P.	Visita ás aulas de primaria de primaria, xogos e/ou actividades cos alumnos/as de primeiro, padriños e madriñas do alumnado maior o primeiro día de clase, acto de graduación e despedida de infantil...
Convivencia	Coloreando emocións con "Cocan".

#### Observacións:

Tanto as actividades complementarias coma as extraescolares deben contribuír a lograr unha formación plena e integral dos alumnos. Ademais, este tipo de actividades debe estar dirixido na súa programación e na súa execución á consecución das finalidades educativas, o que permite e incentiva a participación dos distintos membros da comunidade educativa.

Criterios para a planificación das actividades complementarias e das extraescolares:

A programación e o desenvolvemento destas actividades deben estar dirixidos a potenciar valores relacionados coa socialización, a participación, a cooperación, a integración, o respecto cara ás opinións dos demais e a asunción das responsabilidades.

As actividades programadas estimularán a socialización, a integración e a participación de todos os membros da comunidade educativa.

Estimularase a realización de actividades que supoñan a participación de distintas áreas de coñecemento, o que fomenta a interdisciplinariedade entre as áreas e facilita a incorporación das ensinanzas transversais nas actividades.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado
Elementos curriculares presentes nas actividades
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados.
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades.
Utilízase diversidade de materiais para accederá información, para expresarse e para fomentar a motivación
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Temporalización de actividades adecuada.
Empréganse diversos recursos didácticos.
Existe coordinación co equipo docente
Promóvese a participación das familias
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de enseñanza aprendizaxe.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas

Individualización do proceso ás características de cada alumna/o.

**Descrición:**

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso de ensinanza para poder modificalo e melloralo.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A programación valorarase a través da realización dunha rúbrica na que se puntuarán os indicadores citados anteriormente.

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

**9. Outros apartados**